A Casiña – Arcos (San Breixo) – Cuntis, 1979-03
**Informante:** Virtudes (63)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina
**Edición da presente ficha:** Sara Vilariño Rama

A Estrada, III,2, Arcos, Marzal 79, Virtudes

CD 227, 24 - 25

III,2,428. 10) Miña nai e mai-la túa
quedan no río berrando
por causa dunha ghaliña
que ten amores co ghalo. VI 1414 d

432. 11) Tenemos cinco sentidos
y los cinco precisamos
solamente los perdemos
cuando nos enamoramos. VI 418

Virtudes

445. (25) 12) O que non canta nin baila (2) · IV 69
qué vai facer á ruada:/.
Vai ter man do paredón
vai ter man de que non caia.

453. 13) Heiche de da-lo boi pardo
e mai-la vaca marela
a mai-la filla máis nova VI 1671 a
si non quére-la máis vella.

458. 14) /:Chamáchesme moreniña,
era do polvo da eira,:/
xa me verás pa domingo
comà rosa na roseira.

460. 15) /:O caravel cando nace
chámanlle caraveliño,:/
tamén os fillos dos curas
chámanlle ó pai señor tío.

470 Pura

Carmela berrou con cinto
na carballeira de baixo
porque lle picaba un toxo
que levaba no refaixo ?

A Estrada.

Dáme Carmela
un bico pequeno
xa noncho dou Farruquiño
teñoche medo
xa non cho quero, 12

Paxariños andan . . .
polas follas do loureiro . . .

Heiche de mandar á merka
e á merdiña has d'ire
co fuciño na cabeza
coma quen lle vas pedi.

Pasei pola túa porta
e toquei no tarabelo
túa nai com' era mala
enciroum' o can ralelo

/: Te-los tirantes de coteso :/